



CERTIFICADO

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
755/2018	A Xunta de Goberno Local

MARIA JESUSA FERNANDEZ BASCUAS, EN CALIDADE DE SECRETARIA ACCIDENTAL DESTE ÓRGANO,

CERTIFICO:

Que, na sesión desenvolvida o 7 de maio de 2018 se adoptou o seguinte acordo:

Expediente 755/2018. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO CONTRATO DO SERVIZO CAMPUS DEPORTIVO DO CONCELLO DA ESTRADA DURANTE O ANO 2018

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 30/04/2018, en relación co asunto que se trata a continuación.

Visto o expediente tramitado, de contratación do servizo "CAMPUS DEPORTIVO DO CONCELLO DA ESTRADA DURANTE O ANO 2018".

Visto que se publicou o anuncio de licitación no Perfil do Contratante o día 1 de marzo de 2018, abrindo un prazo de 7 días hábiles para a presentación das correspondentes ofertas.

Visto que rematou o prazo o día 12 de marzo de 2018 e só se presentou unha oferta por SERVICIOS INTEGRAIS DE FORMACIÓN, S.C.

Visto que a mesma presenta correctamente a declaración responsable así como a declaración xurada respecto daquelas empresas coas que ten algún tipo de vinculación, tal e como se establecía na Cláusula 13, sobre A (documentación administrativa) do PCAP.

Visto que, non se puido efectuar a fase de negociación, de conformidade co estipulado na cláusula 14ª das do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, por ser a única plica presentada.

Visto que a oferta económica que presenta, atópase por debaixo do tipo de licitación.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Visto que presenta correctamente a documentación acreditativa de cumprimento dos requisitos previos, de conformidade co artigo 146.4 do TRLCSP (modificado pola Lei 14/2013, de 27 de setembro de apoio aos emprendedores), así como o xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva polo 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE, e unha póliza de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de 150.000 euros, e xustificante de atoparse ao corrente nos pagamentos da mesma.

Visto o informe emitido pola Sra. Interventora en funcións con data 02/05/2018.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado no artigo 21.1.s) da Lei 7/85 e Decreto de delegación desta Alcaldía nº 682/2015 de 15 de xuño.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Adxudicar o contrato do SERVIZO CAMPUS DEPORTIVO DO CONCELLO DA ESTRADA DURANTE O ANO 2018 por importe de 23.386,19 euros (IVE incluído) a SERVIZOS INTEGRAIS DE FORMACIÓN S.C. (con CIF J70010665) e con arranxo aos Pregos e á súa oferta.

Segundo.- Formalícese o contrato no prazo máis breve posible, e, en todo caso, no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende a notificación da adxudicación.

Terceiro.- Notifíquese o presente Acordo á empresa adxudicataria.

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233